

C.E.I.P. Sagrada Familia
Curso académico 2019- 20

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL B

PERÍODO DO 05 DE MAIO AO 15 DE MAIO DE 2020

Ola Aitana, Aine, Adriana, Ferran, Sofía, Stevens, Eylín, Elizabeth, Eyder Manuel, Vanessa, Julia, Guillermo, Irene, Inés, Hugo, Puri, Diego, Rodayna, Theo, Martín, Martina, Marquicio, Nuria, Mario, Mateo e familias. Teño ganas de ver o que medrastes e todo o que tedes para contarme.

Aquí estou de novo e , antes de pasar á proposta de actividades, gustaríame aproveitar para darvos unhas indicacións a tan estimadas familias:

- Como na anterior ocasión, a información que envíoo ao correo do colexio é subida á páxina web do mesmo.
 - Recomendación: cada día facer as actividades propostas para ese día.
 - Seguir atentos á web do colexio por se hai novidades.
 - Se veis que a nena ou o neno necesita volver a practicar algunha actividade, para que a aprenda mellor, adiante. Pódeo facer no mesmo día ou noutro día.
 - O seguimento destas actividades que propoño podedes enviarmas por **WhatsApp** ao **teléfono 620353030**, facendo unha foto ás tarefas da nena ou do neno ou, no seu caso, a súa voz, pero non envíedes foto da nena ou do neno.
 - **O seguimento da Proposta de actividades, do 05 ao 15 de maio (estas que vos envíoo neste documento) farémolo por WhatsApp, no mesmo día que vos propoño facelas ou ao día seguinte(seguindo o calendario lectivo). É unha maneira de poder axudarvos a todas e a todos.**
- Salvo a actividade relacionada coas Letras Galegas. (Para o día das Letras Galegas, farase unha revista escolar dixital. Se queredes participar enviarédesme, pensada de cada nena ou neno, unha palabra que lle guste moito, en galego. Esta palabra podédesma enviar ata o día 8 de maio, ao meu WhatsApp ou ao correo de Abalar.**
- As actividades están pensadas e explicadas para facilitar a autonomía de cada familia, e permitir a flexibilidade, o descanso e o xogo.
- Para facer un seguimento de cada neno e nena, individualmente, cada familia poñeráse en contacto comigo por WhatsApp. Adaptareime ás necesidades de cada neno e nena, e de cada familia, con preguntas e dando as felicitacións e suxerencias oportunas.
- Recomendovos que me envíedes a información das actividades que propoño do 05 ao 15 de maio, por WhatsApp.
 - **As propostas de actividades anteriores ao día 05 de maio , sen incluír este día, podedes enviarmas ao WhatsApp ata o día 08 de maio.**
 - Recomendovos gardar os traballos que faga cada nena e cada neno.
 - Recomendovos que teñades a aplicación Abalar.
 - Se coñecedes a algunha nena ou a algún neno da mesma aula, que teña dificultades para acceder ao que se vos envíoo ou para calquera outra cousa relacionada coa proposta de actividades, por favor, facédemo chegar e intentamos axudala ou axudalo.
 - Se tedes algo que aportar para mellorar, comentádemoo.
 - Recordádelles ás nenas e aos nenos da vosa parte, de parte da mestra Carmen y de parte de Peppa Pig que aproveiten este tempo para aprender moito e pasalo en grande en familia.
 - E a vos, papá e/ou mamá dicirvos que moito ánimo e ojalá que isto pase pronto.

Favorecer a súa autonomía, deixándolles facer, aos seus fillos e as súas fillas, as cousas por eles mesmos e elas mesmas. Ofrecédelles sorrisos, límites, coidados, explicacións, exemplos, o material que necesitan,... e que elas e eles pensen, fagan e consigan o resultado final.

- Os aniversarios que non se celebraron na escola dende o confinamento, se volvemos a vernos neste curso escolar, celebrarémolos todas xuntas e todos xuntos na aula. Para todas e todos, no 2019 e no 2020:



- Tendes que descargar:

- "La propuesta de actividades del 5 de mayo al 15 de mayo. En castellano"

- A proposta de actividades do 5 de maio ao 15 de maio. En galego.

(Estas dúas propostas son a mesma, unha en castelán e outra en galego e tendes que ir utilizando as dúas para darlle vocabulario en galego e en castelán. Os enlaces non cambian dunha a outra e as actividades tampoco).

- "Hojas para la caligrafía" (son as mesmas que na proposta anterior).

- "Hojas de lectura diaria en mayúsculas" (Utilízala para que a lea a nena ou o neno, todos os días, as dúas mesmas follas).

Un saúdo da mestra Carmen. Tendesme a vosa enteira disposición.

LUNS, 4 DE MAIO

Día elixido, no seu momento, polo centro como non lectivo. Polo tanto neste día non vou a propor nada.

Como suxestión, desfrutar do día sen tarefas que esperar.

MARTES, 5 DE MAIO

☺ **Para o día das Letras Galegas, farase unha revista escolar dixital. Se queredes participar enviarédesme, pensada de cada nena ou neno, unha palabra que lle guste moito, en galego. Esta palabra podédesma enviar ata o día 8 de maio, ao meu WhatsApp ou ao correo de Abalar.**

☺ "Hoja de lectura diaria, en mayúsculas"

Unha vez a descarguedes e/ou imprimades, consiste en que a nena ou o neno a lea pouco a pouco, coa axuda ou observación dunha persoa adulta.

☺ Xogos do truco "Erre que erre". (Farase todos os días nesta orde. Se un exercicio de sopro ou de forza e posición non sae, practicarase en diferentes momentos do día ou outros días, para conseguilo).

A persoa adulta ve o vídeo enteiro, para entender mellor os exercicios. (Este vídeo estará nesta proposta todos os días. É sempre o mesmo vídeo)

<https://www.youtube.com/watch?v=yubrVzort5E>

Xogo de sopro: apagar a vela.

Xogo de forza e posición: xeringa.

(Aclaración: " Ides precisar, para estes 15 días, para os xogos de sopro e de forza e posición: palliñas, vela, vaso de plástico, boliñas lixeiras ou papeis envoltos que parezan boliñas, muíños de vento, matasogras, xeringa, piruleta e marmelada. No caso de non ter algo disto, non pasa nada, substitúese por outra cousa).

E ademais a nena ou o neno lerá unha vez cada palabra, con axuda ou observación dunha persoa adulta, e outra vez repetirá a mesma palabra. Tamén lerá as frases.

En castelán:

LANA	HOLA	SAL	ALMA	LA LUNA NO TIENE LUZ.
LOMO	RULO	COL	OLMO	
LUNA	PELO	TUL		
LEPE	TELE	ABEL		
LISO		MIL		

En galego:		
LÚA	MALETA	TELE
LAPIS	TELÉFONO	FAMILIA
LOBO	GALIÑA	PARRULO
LUPA	AFIALAPIS	AZUL
LEITE		AMARELO
LIMÓN		
A PELOTA É AZUL.		

☺ Data no calendario.

Día / Mes: Martes, 05 Mes: Maio ; Ano: 2020)

Día de onte, hoxe e mañá.

☺ En relación ao día 2 de maio, Día Internacional Contra o Acoso Escolar.

Ver o vídeo de: “El valor de la empatía”

<https://www.youtube.com/watch?v=4Hgmfkg-UTk>

(Falar do final, do xesto dunha persoa lle tendeu a man , e que aconteceu entonces).

☺ Ver este vídeo das estacións do ano.

<https://www.youtube.com/watch?v=QJ97O6xDXKY>

Recordar o inverno, a primavera, o verán e o outono.

Agora investiga (Internet).

Vas ao buscador, en Google por exemplo, e escribes: “CUANDO EMPIEZA LA PRIMAVERA EN ESPAÑA “ ou “Cuando empieza la primavera en España”.

Internet darache a resposta (o 20 de marzo empezou e o 20 de xuño remata).

Coa resposta vai ao calendario e colorea todos os días que é primavera, dunha mesma cor. (Para que che sexa máis fácil marca o primeiro - 20 de marzo - e o último día - 20 de xuño - e pinta tamén todos os demais días do medio).

(Se tes un calendario en papel é ideal, e senón arranxarás doutra maneira, estou segura).

Agora fíxate en que día e mes é hoxe ,entón , a persoa adulta pregunta ¿ En que estación estamos?

(Solución: Na primavera) ¿É primavera?(Solución: Si).

E se queres saber cando empezan e cando rematan as outras estacións, fai o mesmo e elixe unha cor

para cada unha delas.

☺ ¿ Sabes porqué se di que Maio é o mes das flores?

Din que é por unha celebración antiga, romana, en honor á diosa Maia.

¿ Sabes que significa Deusa Maia?

Maia é un nome de orixe grego que significa “pequena nai”. É unha deusa das montañas, porque naceu nun monte. É a maior de sete irmás.

Mira no calendario os 12 meses do ano (Xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio, xuño, xullo, agosto, setembro, outubro, novembro e decembro).

Conta dende o primeiro mes e averigua que número é Maio. (Solución: Quinto, ou mes cinco).

Párate en maio e vexamos cantos días ten. Podes dicir en alto dende o primeiro ata o último día. (Solución: 31)

☺ Así que, este mes de Maio, podes decorar a túa casa cun cadro de flores, ou facer unha festa de flores, ou regalar unha flor a unha persona que queiras moito e que teñas cerca, ou xogar a “ quéreme , non me quere..cos pétalos dunha flor. Estou impaciente por saber que decidistes facer.

☺ Imprimir as “Hojas de caligrafía” que vos axudarán a facer as actividades que explico a continuación. Se non tes impresora non pasa nada, falas como explico seguidamente.

Ver o vídeo da letra **D** e **d**.

<https://www.youtube.com/watch?v=aGmfuNRwLNg>

Escribir **D** e **d** na bandexa de fariña, e tamén nun folio en branco- podes ti facer as liñas tal e como mostran as follas de caligrafía-.

Tamén pode ler as palabras do vídeo.

¿ Como se chama o dinosauro do vídeo? (Solución: David)

Ver o vídeo da letra **B** e **b**.

<https://www.youtube.com/watch?v=1E6nWKxjJwI>

Escribir **B** e **b** na bandexa de fariña, e tamén nun folio en branco- podes ti facer as liñas tal e como mostran as follas de caligrafía- .

Tamén pode ler as palabras do vídeo.

☺ Inventa 2 palabras con **P**, 2 palabras con **B** e 2 palabras con **D**.

(A persoa adulta escríbeas en maiúscula en tres columnas , para que a nena ou o neno as vexa e as lea; **P / B / D** .

Posteriormente, se vos apetece, pode velas escritas en minúsculas, e leer as mesmas palabras anteriores , noutras tres columnas).

MÉRCORES, 6 DE MAIO

☺ ”Hoja de lectura diaria, en mayúsculas”

Unha vez a descarguedes e/ou imprimades, consiste en que a nena ou o neno a lea pouco a pouco,

coa axuda ou observación dunha persoa adulta.

☺ Xogos do truco “Erre que erre”.

A persoa adulta ve o vídeo enteiro, para entender mellor os exercicios. (Este vídeo estará nesta proposta todos os días. É sempre o mesmo vídeo)

<https://www.youtube.com/watch?v=yubrVzort5E>

Xogo de sopro: palliñas para apagar a vela.

Xogo de forza e posición: cabaliño trotón.

E ademais a nena ou o neno lerá unha vez cada palabra, con axuda ou observación dunha persoa adulta, e outra vez repetirá a mesma palabra. Tamén lerá as frases.

En castelán:

LATA	LOLA	CAL	PALMA
LUPA	MALO	BAÚL	POLVO
LES	VALE	PAPEL	MULTA
LIMA	BOLA	GOL	
LINO			

LA TELE ESTÁ EN LA SALA.

En galego:

SELVA	ACELGA	PAPEL
SILVA	HUMILDE	MÓBIL
BOLBORETA		FÚTBOL
ALMOFADA		ANIMAL

A LINGUA LOLA É UN MÚSCULO

☺ Data no calendario.

Día / Mes: Mércores, 06 Mes: Maio ; Ano: 2020)

Día de onte, hoxe e mañá.

☺ Vídeo: “El reino de las plantas. Sus características y su clasificación”.

<https://www.youtube.com/watch?v=ThbSPNIRz0o>

Ver o vídeo coa persoa adulta e falar del, recordando cousas.

☺ Atrévete coa seguinte margarita.

Recortar tiras de papel. Recortar un círculo amarelo.

Adiante, segue a foto.

Elixo o lugar axeitado onde a colocas, e se precisa tallo, fasllo..



Se che apetece podes facer outra ou outras para regalar na casa. Tamén podes utilizar unha serie, por exemplo: vermella – azul, ou verde- verde- laranxa, ou amarelo - amarelo– verde – verde.

☺ Ver o vídeo: Antonio Vivaldi. “La primavera”. Bailar co corpo en movemento nun lugar que non teña moitos mobles e que permita moverse.

<https://www.youtube.com/watch?v=wBjaQuyMr18>

☺ Imprimir as “Hojas de caligrafía” que vos axudarán a facer as actividades que explico a continuación. Se non tes impresora non pasa nada, falas como explico seguidamente.

Ver o vídeo da letra **J e j**.

https://www.youtube.com/watch?v=30_X_jETWOs

Escribir J e j na bandexa de fariña, e tamén nun folio en branco- podes ti facer as liñas tal e como mostran as follas de caligrafía-.

Pode leer as palabras do vídeo.

¿ De quen era o ruído que escoitaron ? (Solución: Do jaguar que non comera).

Ver o vídeo da letra **G e g**.

<https://www.youtube.com/watch?v=wb216z5fBYc>

Escribir G e g na bandexa de fariña, e tamén nun folio en branco- podes ti facer as liñas tal e como mostran as follas de caligrafía-.

Pode leer as palabras do vídeo.

☺ Inventa 2 palabras con J, 2 palabras con G.

(A persoa adulta escríbeas en maiúscula en tres columnas , para que a nena ou o neno as vexa e lea; J / G .

Posteriormente, se vos apetece, pode velas escritas en minúscula, as mesmas palabras anteriores , noutras dúas columnas, e lelas).

XOVES, 7 DE MAIO

☺ "Hoja de lectura diaria, en mayúsculas"

Unha vez a descarguedes e/ou imprimades, consiste en que a nena ou o neno a lea pouco a pouco, coa axuda ou observación dunha persoa adulta.

☺ Xogos do truco "Erre que erre".

A persoa adulta ve o vídeo enteiro, para entender mellor os exercicios. (Este vídeo estará nesta proposta todos os días. É sempre o mesmo vídeo)

<https://www.youtube.com/watch?v=yubrVzort5E>

Xogo de sopro: vela bailonga

Xogo de forza e posición: Sacar a lingua (chegar ao queixo, ao nariz, a un lado e ao outro)

E ademais a nena ou o neno lerá unha vez cada palabra, con axuda ou observación dunha persoa adulta, e outra vez repetirá a mesma palabra. Tamén lerá as frases.

En castelán:

LAZO

PALA

MAL

PULPA

LORO

HILO

SOL

PULPO

LUTO

PULULA

HOTEL

LIMÓN

CALE

SUTIL

LEÓN

COLINA

EL PELO DE PILI ES AZUL.

En galego:

LA

SÍLABA

OLA

LOBO

OLOR

LILA

LEÑA

LIBELULA

POLO

LIXO

MULETA

FELIZ

LUZ

MANUEL PUXO O MANDIL

☺ Data no calendario.

Día / Mes: Xoves, 07 Mes: Maio ; Ano: 2020)

Día de onte, hoxe e mañá.

☺ Canción: Acá ta. Seguir con xestos e coa voz.

<https://www.youtube.com/watch?v=GgYVzNBT9VU>

☺ Ver o vídeo: “ Las plantas y sus partes”.

<https://www.youtube.com/watch?v=wBjaQuyMr18>

Se tes unha planta na casa, podes ver as partes.

Pregunta: ¿Cal é a diferenza entre o tallo dunha planta e o tallo dunha árbore?

☺ Imprimir as “Hojas de caligrafía” que vos axudarán a facer as actividades que explico a continuación. Se non tes impresora non pasa nada, falas como explico seguidamente.

Ver o vídeo da letra **T** e **t**.

<https://www.youtube.com/watch?v=pKbYW0MGFbk>

Escribir T e t na bandexa de fariña, e tamén nun folio en branco- podes ti facer as liñas tal e como mostran as follas de caligrafía-.

Pode leer as palabras do vídeo.

¿ Como se chama a tortuga? (Solución: Tania).

¿ Con que non se apañaba? (Solución: Co teléfono).

☺ Inventa unha palabra con TA, TE, TI, TO, TU (en total son 5 palabras).

(A persoa adulta escribeas en maiúscula en tres columnas , para que a nena ou o neno as vexa e as lea .

Posteriormente, se vos apetece, pode velas escritas en minúscula, as mesmas palabras anteriores, e lelas).

☺ Ver esta foto de flores. Fai o mesmo, co material que teñas na casa

(Unha axuda: Calcula o espazo que vas utilizar para colocar as 6 flores. Deberás empezar polo tamaño dos círculos grandes, tres enriba e tres embaixo. Recorda que para realizar os círculos coller un obxecto da casa).



VENRES, 8 DE MAIO

☺ "Hoja de lectura diaria, en mayúsculas"

Unha vez a descarguedes e/ou imprimades, consiste en que a nena ou o neno a lea pouco a pouco, coa axuda ou observación dunha persoa adulta.

☺ Xogos do truco "Erre que erre".

A persoa adulta ve o vídeo enteiro, para entender mellor os exercicios. (Este vídeo estará nesta proposta todos os días. É sempre o mesmo vídeo)

<https://www.youtube.com/watch?v=yubrVzort5E>

Xogo de sopro: burbullas

Xogo de forza e posición: globo

E ademais a nena ou o neno lerá unha vez cada palabra, con axuda ou observación dunha persoa adulta, e outra vez repetirá a mesma palabra. Tamén lerá as frases.

En castelán:

LÁPIZ	PALA	TAL	PALMA
LONA	HILO	FAROL	PELVIS
LULU	OLE	MANTEL	SILBAR
LEGO	ALICIA	MANDIL	
LÍNEA			
LOS ANIMALES SON PELUDOS.			

En galego:

LASAÑA	MELENA	POLA
LOUZA	ALARMA	MELÓN
LUNS	ALUMINIO	
LENDIA		
LIÑA		

AS PULGAS TOMAN O SOL.

☺ Data no calendario.

Día / Mes: Venres, 8 Mes: Maio ; Ano: 2020)

Día de onte, hoxe e mañá.

Recordar que hoxe é o día de Europa.

Buscar (Internet) e ver o mapa de Galiza, de España e de Europa.

Sinalar co dedo, nos tres mapas, onde vive a nena ou o neno.

Escribir a palabra EUROPA en maiúscula (a persona adulta dita a palabra E-U-RROOO-PPAA e a nena ou o neno escribea). Podes darlle cor as letras para unha boa presentación.

☺ Imprimir as “Hojas de caligrafía” que vos axudarán a facer as actividades que explico a continuación. Se non tes impresora non pasa nada, falas como explico seguidamente.

Ver o vídeo da letra **R e r**.

<https://www.youtube.com/watch?v=gaSyW9qb3Us&t=77s>

Escribir R e r na bandexa de fariña, e tamén nun folio en branco - podes ti facer as liñas tal e como mostran as follas de caligrafía -.

Pode leer as palabras do vídeo.

☺ Inventa 1 palabra con RA, RE, RI, RO, RU (en total son 5 palabras).

(A persoa adulta escribeas en maiúscula, en tres columnas , para que a nena ou o neno as vexa e lea. Posteriormente, se vos apetece, pode velas escritas en minúscula, as mesmas palabras anteriores,e lelas.)

☺ Serie.

Con alimentos que teñades na casa.

Por exemplo: 2 macarróns e un gran de arroz- 2 macarróns e un gran de arroz- 2 macarróns e un gran de arroz- 2 macarróns e un gran de arroz.

☺ Castelo.

Facer un castelo cunha caixa grande de cartón.

Adornádelo pola parte de fóra como vos elixades, co nome do castelo, con recortes de revistas, cun corazón,...

A caixa estará aberta por detrás para que poida meterse a nena ou o neno.

Elixirá 5 mascotas que queira ter con ela ou con el no castelo.

Pode por unha almofada ou manta no chan, dentro,para estar mais cómoda ou cómodo.

A xogar.



LUNS, 11 DE MAIO

☺ "Hoja de lectura diaria, en mayúsculas"

Unha vez a descarguedes e/ou imprimades, consiste en que a nena ou o neno a lea pouco a pouco, coa axuda ou observación dunha persoa adulta.

☺ Xogos do truco "Erre que erre".

A persoa adulta ve o vídeo enteiro, para entender mellor os exercicios. (Este vídeo estará nesta proposta todos os días. É sempre o mesmo vídeo)

<https://www.youtube.com/watch?v=yubrVzort5E>

Xogo de sopro: baloncesto con palliña.

Xogo de forza e posición: caramelo máxico.

E ademais a nena ou o neno lerá unha vez cada palabra, con axuda ou observación dunha persoa adulta, e outra vez repetirá a mesma palabra. Tamén ler as frases.

En castelán:

LACA

PILA

OJAL

SELVA

LOCO

BALÓN

ÁRBOL

TELMA

LUJO

PALETA

LEJÍA

JABALÍ

LIGERA

SALUDO

DAME UN PALILLO.

En galego:

LOUCO

ELEFANTE

REPOLO

LUME

GALIÑA

GORILA

LER

LAURA METE UN GOL.

☺ Data no calendario.

Día / Mes: luns, 10 Mes: Maio ; Ano: 2020)

Día de onte, hoxe e mañá.


(9 de Maio, Dia de Europa)

(Do 11 ao 15 de maio, Semana das Letras Galegas)

☺ ¿ Que é o que ves? (Solución: Un mapa), ¿ De que é este mapa? (Solución: de Europa)

¿ Onde está España? (Sinalao co dedo) ¿ Onde está Galiza? (Sinalao co dedo) . Podedes xogar a coñecer outros lugares de Europa, e en que medio de transporte podedes viaxar.





☺ Ver o vídeo: “A orixe de “Guau””

<https://www.youtube.com/watch?v=E8Iu07S1v8M>

¿ Cal é o nome dos tres cans e/ou cadelas? (Solución: Lúa, Oto e Bimba)

¿ Porque se teñen que ir ,cada unha e cada un, a unha familia? (Solución: Porque o científico tiña que viaxar)

¿ Porque destaca “Lúa”? (Solución: Pola súa mirada máxica)

¿ Que sabe facer moi ben Oto? (Solución: escoitar)

¿ Que lle podes dar a Bimba se o precisas? (Solución: Caricias)

☺ Libro de palabras en galego. (Esta actividade irase completando do luns 11 ao venres 15 de maio)

O libro terá forma de círculo ou cadrado grande.

Recortar 6 círculos ou 6 cadrados iguais.

Xuntalos cunha grampa, ou un burato cun cordón,...

Xa tes o libro.

☺ Libro de palabras en galego. Portada.

Na primeira folla, que será a portada, pégalle todas as letras do abecedario en galego, soltas, recortadas de revistas ou periódicos, e que non se repita ningunha.

(Podes ver este vídeo do abecedario en galego e vas escribindo as letras, para despois buscalas e recortalas.: <https://www.youtube.com/watch?v=4tRpgWfWSZs>)

Conta cantas letras ten o abecedario galego. Comproba que non che falte ningunha.

☺ Libro de palabras en galego.

Despois da portada, pasas á seguinte folla que está en branco.

- Primeiro les estas dúas palabras que che indico eu: **LAPIS, XIZ.**
- Agora vas a compoñelas na folla segunda do libro, con recortes de revista ou periódico.
- Unha vez que a persoa adulta o comproba, pégalas.

☺ Obra de arte.

Facer unha copia igual que a imaxe que vos mostro, con dous triángulos que midan igual (na

posición da imaxe) e da mesma cor.

Primeiro tedes que decidir canto vai medir un lado do triángulo, e a partir de aquí facedes todos os lados iguais.

Despois de facer un triángulo, agora tedes que facer o outro.

Agora a colorealo da mesma cor (como truco para o fondo, podedes tumbar a cera e así aforraredes tempo).



MARTES, 12 DE MAIO

☺ ”Hoja de lectura diaria, en mayúsculas”

Unha vez a descarguedes e/ou imprimades, consiste en que a nena ou o neno a lea pouco a pouco, coa axuda ou observación dunha persoa adulta.

☺ Xogos do truco “Erre que erre”.

A persoa adulta ve o vídeo enteiro, para entender mellor os exercicios. (Este vídeo estará nesta proposta todos os días. É sempre o mesmo vídeo).

<https://www.youtube.com/watch?v=yubrVzort5E>

Xogo de sopro: matasogras.

Xogo de forza e posición: piruletas.

E ademais a nena ou o neno lerá unha vez cada palabra, con axuda ou observación dunha persoa adulta, e outra vez repetirá a mesma palabra. Tamén ler as frases.

En castelán:

LAGARTO

SALA

PAÑAL

ADULTO

LOLO

PELOTA

MARMOL

LUNA

LIBÉLULA

EL POLO ES DE UN EURO.

En galego:

LOBA

GASOLINA

MARTELO

LURA

CELOSO

REGALO

CELOSA

SALTA E CORRE.

☺ Ver o vídeo , a bailar e a repetir “Ola, ola, la.”

https://www.youtube.com/watch?v=1O8iQUM_-p8

☺ Veo o vídeo “ Lugris. O pintor do mar”.


Disfrutar das obras de arte. Velo dúas veces e, na segunda volta, indicarlle que escolla a obra que mais lle gusta, parase o vídeo nela e explicará que ve.

<https://www.youtube.com/watch?v=m9Hw-49Nen8>

☺ Realiza un cadro do mar.

(Nesta páxina podes atopar como pintar o mar, paso a paso. Adáptalo ao material que teñades na casa. <https://manualidadesparahacerencasa.com/mira-como-pintar-el-mar-al-oleo-para-embellecer-tus-pintura/>

Podedes xogar con liñas rectas ou curvas e con diferentes azuis, mesturando con outras cores (branco, gris, verde,...)



☺ Libro de palabras en galego.

Pasas á seguinte folla e:

- Les estas dúas palabras que che indico eu: **ESTOXO , CARTOLINA.**

- Compolas con letras, na folla, con recortes de revista ou periódico.
- Unha vez que a persoa adulta o comproba, pégalas.

☺ Data no calendario.

Día / Mes: Martes, 12 Mes: Maio ; Ano: 2020)

Día de onte, hoxe e mañá.

(Do 11 ao 15 de maio, Semana das Letras Galegas)

☺ Ver o mapa de Galiza.

Sitúa co teu dedo e aprende o nome das catro provincias galegas.

Dirás o nome en alto das catro, e ¿ en cal vives ti?



Neste mapa que podes ver mellor o mar e o océano.




Agora mira este mapa, ¿é de ? (España). Busca Galiza e A Coruña.



Esta é unha brúxula, para orientarte.

Recorta e xoga ao Norte- Sur ao Oeste-este (co mapa, co teu corpo e os obxectos da casa,...).



MÉRCORES, 13 DE MAIO

☺ "Hoja de lectura diaria, en mayúsculas"

Unha vez a descarguedes e/ou imprimades, consiste en que a nena ou o neno a lea pouco a pouco, coa axuda ou observación dunha persoa adulta.

☺ Xogos do truco "Erre que erre".

A persoa adulta ve o vídeo enteiro, para entender mellor os exercicios. (Este vídeo estará nesta proposta todos os días. É sempre o mesmo vídeo)

<https://www.youtube.com/watch?v=yubrVzort5E>

Xogo de sopro: muiños.

Xogo de forza e posición: caramelo na punta da lingua.

E ademais a nena ou o neno lerá unha vez cada palabra, con axuda ou observación dunha persoa adulta, e outra vez repetirá a mesma palabra. Tamén ler as frases.

En castelán:

LOLITA

MULATA

TAL

FILMAR

LEPE

SALADO

FÓSIL

LUIS ES LISTO.

En galego:

LOITAR

LEITUGA

LIMPO

CAROLINA TEN UN GATO.

☺ Data no calendario.

Día / Mes: Mércores, 13 Mes: Maio ; Ano: 2020)

Día de onte, hoxe e mañá.

(Do 11 ao 15 de maio, Semana das Letras Galegas)

☺ Ver o vídeo “ As mans” e imitar os mesmos xestos.

<https://www.youtube.com/watch?v=aRyo-BK9rdA>

☺ Móstroche estas dúas imaxes. Elixo unha e faina exactamente igual nun folio, co material que necesites.



Sorolla, “ Niños en la playa”



[Girl Wave Paintings by Olha Darchuk](#)
(Esta empezarse pola parte de enriba)

☺ Ver o vídeo, cantar o estribillo con “1”, de “ Luar na Lubre – Ao pasar pola Coruña”, e bailar.

<https://www.youtube.com/watch?v=BnFIWNT43p0>

📖 Libro de palabras en galego.

Pasas á seguinte folla e:

- Les estas dúas palabras que che indico eu: **PINTURA, GOMA.**
- Compolas con letras, na folla, con recortes de revista ou periódico.
- Unha vez que a persoa adulta o comproba, pegalas.

XOVES, 14 DE MAIO

☺ "Hoja de lectura diaria, en mayúsculas"


Unha vez a descarguedes e/ou imprimades, consiste en que a nena ou o neno a lea pouco a pouco, coa axuda ou observación dunha persoa adulta.

☺ Xogos do truco "Erre que erre".

A persoa adulta ve o vídeo enteiro, para entender mellor os exercicios. (Este vídeo estará nesta proposta todos os días. É sempre o mesmo vídeo)

<https://www.youtube.com/watch?v=yubrVzort5E>

Xogo de sopro: Carreira de vermes (Para facer o verme cunha folla, recorta un rectángulo, dóbrao. Agora verás como xa a tes. Píntalle os ollos, adornarlle o corpo, e a xogar. Se alguén se anima contigo, podedes facer unhas carreiras).



Xogo de forza e posición: Marmelada.

Aemais a nena ou o neno lerá unha vez cada palabra, con axuda ou observación dunha persoa adulta, e outra vez repetirá a mesma palabra. Tamén lerá as frases.

En castelán:

LAVADORA	TELA	MANUAL	TILDE
LÍMITE	BALÓN		
	BOLA		
LALO	LEE.		

En galego:

LAGOSTINO	COLOREAR	GORILA
LUGAR		POLA
LARA	TEN	MEL.

☺ Data no calendario.

Día / Mes: Xoves, 14 Mes: Maio ; Ano: 2020)

Día de onte, hoxe e mañá.

(Do 11 ao 15 de maio, Semana das Letras Galegas)

☺ Ver o vídeo: Oviravai. Esa granxa. As andanzas de Paco.

<https://www.youtube.com/watch?v=HPToSwNoiws>

Decide que animal queres debuxar cun lapis, nunha follaa, e adiante (terás que volver a ver o vídeo e paralo no animal que debuxarás).

Repasa o lapis cun rotulador escuro ou unha cera escura.

Pinta e/ou colócalle algodón (se é unha ovella), e/ou tea negra (se é unha vaca),...

Escribe o nome do animal que debuxaches.

☺ Ver o vídeo dos números.

<https://www.youtube.com/watch?v=NGrFgQ4trxU&t=27s>

Agora di ti os números, en galego, do 1 ao 10.

Agora dirás os números, en galego, do 10 ao 1.

☺ Ver o vídeo e cantar “ Luar na Lubre. A Carolina”. (Podedes utilizar un rotulador ou un pau de micro, para cantar).

<https://www.youtube.com/watch?v=rsmAijllrY>

📖 Libro de palabras en galego.

Pasa á seguinte folla e:

- Les estas dúas palabras que che indico eu: **RATO, ORDENADOR.**
- Compoñer as letras, na folla, con recortes de revista ou periódico.
- Unha vez que a persoa adulta as comproba, pegalas.

VENRES, 15 DE MAIO

☺ ”Hoja de lectura diaria, en mayúsculas”

Unha vez a descarguedes e/ou imprimades, consiste en que a nena ou o neno a lea pouco a pouco, coa axuda ou observación dunha persoa adulta.

☺ Xogos do truco “Erre que erre”.

A persoa adulta ve o vídeo enteiro, para entender mellor os exercicios. (Este vídeo estará nesta proposta todos os días. É sempre o mesmo vídeo)

<https://www.youtube.com/watch?v=yubrVzort5E>

Xogo de soplo: aspira bolas.

Xogo de forza e posición: cepillo eléctrico.

Ademais a nena ou o neno lerá unha vez cada palabra, con axuda ou observación dunha persoa adulta, e outra vez repetirá a mesma palabra. Tamén lerá as frases.

En castelán:

LARA	LALA	LANÁ	LARRÁ
LERA	LOLÁ	LENÁ	LARRÓ
LIRA	LALÓ	LANÚ	LARRÚ
LELÓ	LILÍ	LUNÉ	LARRÉ
LURÍ	LELÍ	LENÍ	LARRÍ
LARRÁ	LALÍ	LONÁ	LERRÁ
LORRÍ	LILÚ	LUNÚ	LIRRÍ

LOLA TIENE UN LINDO LAZO.

En galego:

LEOA	PELOTA	FILA
LÚA	PILOTO	FELIZ
LURA	COLORETE	
LAZO		
LAGO		
LA		
LUZ		

LILA

LEO É LOURO.

LARA TOMA O SOL.

LARA TOMA MEL CON LIMÓN.

☺ Data no calendario.

Día / Mes: Venres, 15 Mes: Maio ; Ano: 2020)

Día de onte, hoxe e mañá.

(Do 11 ao 15 de maio, Semana das Letras Galegas)

☺ Ver o vídeo: Cantocha de mala ghana. Utilizar a voz, na que o que se repite con “l” é moi potente, esaxeralo e cantalo moito abrindo a boca. O vídeo ten uns efectos únicos.

<https://www.youtube.com/watch?v=vWfcvJfTADI>

📖 Libro de palabras en gallego.

Escribe el número de páxinas do libro, sen ter en conta a portada e a contraportada.

(Segue o vídeo, se o precisas, dos números <https://www.youtube.com/watch?v=m2rNL3Z56PE>)

📖 Libro de palabras en gallego. Contraportada.

Escribe o teu nome na contraportada. Escribe **FIN**.

Agora xa podes ler o teu libro dende o principio ata o final.

☺ Limoadada.

Busca e escribe a receita da limoadada.

Atrévete a facela ti soa ou só (coa axuda da persoa adulta, se é preciso).

Pon a mesa para a túa familia (tantos vasos e tantos panos de mesa como número de persoas estades).

Servelle limoadada a cada unha e a cada unha e cada un primeiro, e por último sérvete a ti mesma ou a ti mesmo.

A persoa adulta di unhas palabras antes de beber. Todas e todos están en silencio.

A disfrutar da limoadada!!

PARABÉNS FAMILIA.

PARABÉNS Á NENA OU AO NENO. ES UNHA CAMPIONA OU UN CAMPIÓN.

ATA PRONTO!



PENSA OU INVESTIGA: ¿ PORQUE ESTÁN VESTIDA E VESTIDO ASÍ?